

EnRedando con galego

Patricia Rodríguez Vidal

4ºESO A

Durante estas tres semanas nas que teño que enviar un documento falando dun tema obti por falar da miña curtametraxe “Os sorrisos tamén doen”.

Esta curtometraje xurdiu a partir da asignatura de Educación plástica, visual e audiovisual, na que a profesora propuxonos, no Nadal, que foramos pensando nunha idea para facer un guión e logo pasalo a unha curtametraxe.

A min, coma afeccionada do cine que son, comezaronme a vir un montón de ideas á cabeza pero ningunha gustábame para realizala xa que non tiña, nin teño, moitos recursos como para facer algo de moito presuposto.

Logo de moito pensar acordeime da película do Joker, película que me encanta, e comecei a discurrir unha idea a partir dese filme.

Eu quería facer algo que tivese relación coa cinta na que estaba a inspirarme pero quería que transmitise unha sensación de realidade, é dicir, que o que se vexa na curtametraxe sexa unha situación que poidera vivir unha persoa coa enfermidade do Joker, quitando a parte de ficción que ten o filme. Entón, foi o que fixen, tomar coma inspiración a súa enfermidade e levalo a situacións de realidade.

A principal idea que pasouseme pola cabeza foi a de facer a vida dunha rapaza de quince/dezaseis anos coa enfermidade, polo que comecei a pensar e a enlazar todo o que quería facer a partir de ahí.

Mariña, que é o nome da protagonista, tería que afrontar a súa vida co trastorno co que nacera. Para poder controlalo e para previr moitas máis situacións de agobio para a nena, os médicos proporcionaronlle unhas pílulas que terá que tomarse todas as mañás durante o resto da súa vida.

A rapaza, coma outra calquera, deberá ir ao instituto, pero nel non e moi querida xa que chamanlle tola e búrlanse dela facendo que se sinta coma un bicho raro.

Esta foi a idea que máis me gustou, polo que puxenme mans á obra para comezar a rodaxe.